

Amodiña

PASARELA DE MODA
DO MORRAZO 2015

Presentación da campaña
OUTONO/INVERNO 2015



VOLVE...AMODIÑA! - 4ª Edición

Despois de tres anos de éxito, AMODIÑA consolídase como o evento de moda de referencia no Morrazo, no cal ponse en valor o sector comercio promovendo as coleccións á venda nas tendas de Bueu, Moaña e Cangas.

AMODIÑA volverá ser o escaparate urbano no que os asistentes poden ver en vivo e directo os estilismos das tendas participantes, a través dun espectáculo visual que mestura actuacións musicais e pases de moda, presentado por profesionais de renome no panorama artístico e televisivo.

AMODIÑA é un dos eventos máis multitudinarios da comarca, que sobrepasa os 1000 asistentes.

O paseo marítimo de Moaña bríndalle unha ubicación especial a este desfile, de acceso gratuito, amosando ao público todo o potencial dun tecido comercial que nada ten que envexar ás grandes urbes.

Sobre o Palco da Música desplégase unha gran pasarela enmoquetada de 15 metros de longo por 2 metros de ancho. Isto combinado cun coidadoso deseño de escenario e elección de atrezzo, crea unha escenografía óptima para deixar no espectador unha impresión que permaneza no tempo e axude nas decisións de compra.

AMODIÑA acolle preto de 25 negocios de moda e beleza nun espectáculo que roza as dúas horas de duración e implica a participación de máis de 80 persoas, organizando e coordinando un evento de ámbito comarcal. Ademais, téntase dar cabida á integración de colectivos e posibles colaboradores existentes na nosa contorna, pois a suma de esforzos é a única receita posible para garantir o éxito.

- **Equipo técnico audiovisual de alto nivel**
- **Modelos profesionais**
- **Axencia de modelos coordinadora dos pases**



PARTICIPA! - É GRATUITO

Data: Sábado 19 de Setembro de 2015

Hora: 21:00h

Lugar: Paseo Marítimo de Moaña - Palco da música

Sectores:

AMODIÑA da encaixe a sectores moi diversos para crear un escaparate conxunto das TENDENCIAS da nova tempada:

- Moda home e muller, infantil, xuvenil, festa, noivos...
- Lencería e Baño
- Zapatería
- Complementos e xoiería
- Óptica
- Decoración, floristería,...
- Perruquería, estética, maquillaxe,...

PARTICIPA!!

Na cuarta edición Amodiña quere seguir crescendo, dando cabida a cada vez máis sectores para representar as tendencias e a beleza do Morrazo.

SE ESTÁS INTERESADO EN PARTICIPAR NESTE GRAN EVENTO E RECIBIR MÁIS INFO, PONTE EN CONTACTO CONNOSCO:

- Por e-mail: fecimo@fecimo.es ou teléfono: 986 30 50 00
- Data límite de recepción de solicitudes: **28 de Xullo ás 12:00h**
- Unha vez rematado o prazo, informarase aos interesados en detalle para confirmar a participación



AMODIÑA - PASARELA DE MODA DO MORRAZO 2015

UN GOLPE DE MÁRketing

AMODIÑA trátase dun evento fresco e moderno que posiciona ás empresas da comarca no lugar que merecen, un golpe de márketing para o teu negocio.

A organización facilita ás empresas todo o material promocional de AMODIÑA que poden utilizar para darse a coñecer a través do evento: cartelería e catálogos de participantes, videos publicitarios de anuncio da pasarela e unha páxina en Facebook onde se lles da un trato especial.

Unha vez finalizado o evento, a organización entrega ás empresas o material audiovisual resultante, fotos e videos de gran calidade que amosan o seu pase.

Aproveita a repercusión que terá AMODIÑA nos medios de comunicación, blogs e redes sociais e comparte a experiencia cos teus clientes.

